

## Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de maio do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 2 de maio de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 11 de abril de 2017.
  - 2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
  - 3º.- Licenza de obra menor.
  - 4º.- Comunicaci3n previa (apertura).
  - 5º.- Licenzas de primeira ocupaci3n.
  - 6º.- Licenzas de obra maior.
- Fora da orde do d3a:
- 1º) Prezos p3blicos:
    - a) Prezo p3blico pola asistencia 3s acampadas de ver3n do 2017.
    - b) Prezo p3blico pola asistencia aos obradoiros de ver3n do 2017.
    - c) Prezo p3blico pola asistencia ao campamento xuvenil do 2017.
    - d) Prezo p3blico pola asistencia ao campamento de ver3n do 2017.
    - e) Prezo p3blico pola asistencia ao curso de carretilla elevadora do 2017.
    - f) Prezo p3blico pola asistencia ao curso de primeiros auxilios do 2017.
    - g) Prezo p3blico pola asistencia ao curso de comedor e transporte escolar do 2017.
    - h) Prezo p3blico pola asistencia ao curso de contabilidade b3sica pr3ctica do 2017.
    - i) Prezo p3blico pola asistencia aos obradoiros de cociña do 2017.
    - j) Prezo p3blico pola asistencia aos obradoiros de oficios tradicionais do 2017.
  - 7º.- Rogos e preguntas.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO D3A 11 DE ABRIL DE 2017.**

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 11 de abril de 2017.

### **SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por BLANCA LOPEZ BERMUDEZ, con domicilio en Sabax3ns 36 - Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda, levantando o material de cubrici3n actual, colocando sobre as viguetas portantes da cuberta illamento t3rmico, novas pranchas de fibrocemento, e tella do pa3s, en Sabax3ns 36.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por GUSTAVO NOYA RODR3GUEZ, con domicilio en R3a Anxeriz 12, 3º C – Milladoiro (Ames), na que comunica que vai impermeabilizar a canaleta da fachada do edificio sito na r3a Inxerido n3m. 4.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo urbano (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GUSTAVO NOYA RODRÍGUEZ, con domicilio en Rúa Anxeriz 12, 3º C – Milladoiro (Ames), na que comunica que vai impermeabilizar a canaleta da fachada do edificio sito na rúa Inxerido ( referencia 6349335NH2465S) e pintado da fachada do edificio.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO FREIRE PORTO, con domicilio en Salaño Pequeno 21-Ons, na que comunica que vai colocar un portal na entrada da súa vivenda sita en Salaño Pequeno 21-Ons.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza núm. 8 ( NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se sitúe como mínimo a 4 metros do eixe do camiño.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN CALVO CREGO, con domicilio en Avenida dos Ánxeles 24 - Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un peche na Avenida dos Ánxeles 24 - Os Ánxeles; as obras consisten en:

- . Polo leste, que linda coa estrada AC-300, realizarase con muro de mampostería de 90 cm de altura e balaustrada de aluminio ata unha altura total de 1,80 metros desde a base; colocarse a 8 metros do eixo da estrada.

- . No resto dos lindes, realizaranse muros de peche, 224 metros lineais totais de lonxitude, en bloques enfuscados e pintados ata unha altura de 40 cm e reixa metálica por encima ata unha altura de 1,80 metros totais.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano, sendo de aplicación a ordenanza núm. 1(UC-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 17 de abril de 2017 ( expediente IF205D 2017/000011-1 ), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que deberá cumprir as condicións impostas na autorización autonómica sinalada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS INOCENTE CASAL ABEIJÓN, con domicilio en Mourentans 33-Viceso, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Mourentáns 33, que consistirá en levantar un muro de peche no fronte da parcela e nos lindes con postes de cemento e arame.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20.04.2017 ( expediente 2609/2016 ), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o peche terá unha altura máxima de 1,80 metros e se separe como mínimo 4 metros do eixo da estrada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANGELES LOR RODRÍGUEZ, con domicilio en Saime 18 - Bastavales, na que comunica que vai reconstruír un muro de pedra de 200 metros de lonxitude e encintalo, sen incrementar o seu volume nin a súa altura, en Saime 18.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 20.04.2017 ( expediente 2726/2016 ), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO GIL VILLANUEVA, con domicilio en Gronzo 36, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar de 42 m2 destinada a gardar vehículos, consistente en estrutura de ferro galvanizado pintado de gris e cuberta de chapa sandwich de 3 cms, similar á edificación principal, e cunha altura máxima de 2,5 metros, en Gronzo 36.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área non consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza núm. 8 ( NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que sexa unha edificación exenta, separada da edificación principal e se sitúe como mínimo a 3 metros de calquera lindeiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SONIA SOUTO LORENZO, con domicilio en O Enxo 5, Brión, na que solicita licenza de obra para reparación da cuberta da vivenda de 65 m2 de superficie, substituíndo a tella e uralita existente por outra nova, sen incrementar o volume da cuberta, en Bastavaliños 30 - Bastavales, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 6 de abril de 2017 (expediente 207/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que as obras se limiten á reposición do material da cubrición sen alterar as vertentes nin afectar á estrutura. No caso de precisar máis obras deberase presentar o correspondente proxecto para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA REGUEIRO MONTERO, con domicilio en A Torre 6, Brión, na que comunica o cambio de titular da actividade do local comercial situado na Avd. de Noia 30, Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Armarios y Vestidores e preténdese poñer a nome de Ana Regueiro Montero.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada para exercer a actividade de exposición de arte e antigüidades, situada na Avd. de Noia 30, Os Ánxeles, a nome de Ana Regueiro Montero, con NIF:78781057-P.

### **QUINTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALVARO GIL GONZÁLEZ, con domicilio en Rúa do Campo de Santa Marta núm.1, 3º B, Santiago de Compostela, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Guldrís 9, Brión.

Con data 28.05.2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Alvaro Gil González para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Alvaro Rouco Gaute, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.12.2016, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por XOSÉ ELISEU MERA QUINTAS, con domicilio en O Outeiro 41 - Os Ánxeles - Brión, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en O Outeiro 41 - Os Ánxeles - Brión.

Con data 23.06.2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Xose Eliseu Mera Quintas e Laura García Díaz para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da liquidación final de unidades de obra executada asinada pola dirección de obra dos arquitectos Salgado e Liñares SLP ( Alfonso Salgado Suárez/ Francisco Liñares Túñez ), visada no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25.04.2017, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DE LAS NIEVES PADIN SILVA, con domicilio en Liñares 36 - Brión, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar en Lamiño 66 - Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 21.12.2016 e documentación complementaria presentada no concello o 21.04.2017 (r.e.1707) con visado do 20.04.2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 21.12.2016 e documentación complementaria presentada no concello o 21.04.2017 (r.e.1707) con visado do 20.04.2017.

-. A urbanización do espazo situado fora da aliñación marcada nos planos de ordenación implica a súa pavimentación polo propietario e a execución das conexións coas redes de servizo existentes no núcleo ( abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público ) para o que deberá presentar no concello con anterioridade á expedición da licenza, aval por importe de 900 euros, e deberá axustarse ao "Anexo da obra complementaria de urbanización" presentado na data 09.10.2015, na parte correspondente ao solo urbano.

-. As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres

anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con domicilio en Avenida de Arteixo 171 - A Coruña, de solicitude de licenza de obra para instalación de liña soterrada de media tensión e instalación de dous centros de transformación no tramo entre as aldeas de Gronzo e O Casal, segundo proxecto visado redactado polo enxeñeiro industrial Burkard Hecht Elorduy.

Constan no expediente as seguintes autorizacións:

- Resolución do 27.04.2015 do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ( expediente 386/2015 ).

- Resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 9 de agosto de 2016 ( expediente IN407A 2014/089-1).

- Resolución da Dirección de Augas de Galicia do 16.03.2017 ( expediente con clave DH.W15.56504).

- Resolución da Deputación da Coruña do 28.03.2017 ( núm. 9767/2017 ).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras executaranse de acordo co proxecto visado redactado polo enxeñeiro industrial Burkard Hecht Elorduy, e coas condicións técnicas recollidas nas autorizacións sectoriais dos distintos organismos anteriormente sinaladas.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de tres meses e o de terminación de un ano, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza; no caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación de expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao concello a data de iniciación das obras.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **FORA DA ORDE DO DÍA:**

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión dos seguintes asuntos na orde do día:

##### **1º) Prezos públicos:**

##### **a) Prezo público pola asistencia ás acampadas de verán do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 11.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 11.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ás acampadas de verán do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota persoa adulta: 10 euros/acampada.
- Cota primeiro irmán: 10 euros/acampada.
- Cota segundo irmán: 5 euros/acampada.
- Cota terceiro irmán e seguintes: 0 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **b) Prezo público pola asistencia aos obradoiros de verán do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 11.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 11.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia aos obradoiros de verán do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota primeiro irmán: 25 euros/semana.
- Cota segundo irmán: 13 euros/semana.
- Cota terceiro irmán e seguintes: 0 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **c) Prezo público pola asistencia ao campamento xuvenil do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 11.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 11.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao campamento xuvenil do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota primeiro irmán: 50 euros.
- Cota segundo irmán: 25 euros.
- Cota terceiro irmán e seguintes: 0 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **d) Prezo público pola asistencia ao campamento de verán do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 11.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 11.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao campamento de verán do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota primeiro irmán: 150 euros.
- Cota segundo irmán: 75 euros.
- Cota terceiro irmán e seguintes: 0 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **e) Prezo público pola asistencia ao curso de carretilla elevadora do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 21.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 21.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao curso de carretilla elevadora do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota única por curso: 25 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **f) Prezo público pola asistencia ao curso de primeiros auxilios do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 21.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 21.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao curso de primeiros auxilios do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota única por curso: 25 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **g) Prezo público pola asistencia ao curso de comedor e transporte escolar do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 21.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 21.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao curso de comedor e transporte escolar do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota única por curso: 25 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **h) Prezo público pola asistencia ao curso de contabilidade básica práctica do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 21.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 21.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao curso de contabilidade básica práctica do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- . Cota única por curso: 25 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **i) Prezo público pola asistencia aos obradoiros de cociña do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 21.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 21.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia aos obradoiros de cociña do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- . Cota única por obradoiro: 15 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **j) Prezo público pola asistencia aos obradoiros de oficios tradicionais do 2017.**

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 21.04.2017 de prezo público para a realización da actividade sinalada.

Vistos o informe técnico do 21.04.2017 e o informe de intervención do 02.05.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia aos obradoiros de oficios tradicionais do 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- . Cota única por obradoiro: 25 euros.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González